

	IES MARÍA CASARES. Departamento de LINGUA GALEGA E LITERATURA PROFESOR: Henrique González Martínez	2 ESO 2023-2024
--	--	---------------------------

	CONTIDOS A DESENVOLVER
1ª AVALIACIÓN	<p>B1 e B2 Comunicación oral e escrita. A narración e a exposición. Elaboración e creación de textos. Actividades de comprensión textual.</p> <p>B.3 Lingua. Acentuación. As maiúsculas. Vocabulario. Modalidades oracionais. Suxeito e predicado.</p> <p>B.4 Sociolingüística. Plurilingüismo. Lusofonía.</p> <p>B.5 Literatura. Os textos literarios. A narrativa. A novela de aventuras.</p>
	CONTIDOS A DESENVOLVER
2ª AVALIACIÓN	<p>B1 e B2 Comunicación oral e escrita. Os textos prescritivos. O texto argumentativo. Elaboración e creación de textos . Actividades de comprensión textual.</p> <p>B.3 Lingua. A acentuación diacrítica. Vocabulario Os signos gráficos. Maiúsculas. Signos gráficos. Os complementos do verbo.</p> <p>B.4 Sociolingüística. Valoración social das linguas. O galego actual.</p> <p>B.5 Literatura. Narrativa de ficción. Poesía social e intimista.</p>
	CONTIDOS A DESENVOLVER
3ª AVALIACIÓN	<p>B1 e B2 Comunicación oral e escrita. A argumentación. A publicidade. Elaboración e creación de textos . Actividades de comprensión textual.</p> <p>B.3 Lingua. Relacións semánticas. Vocabulario. Grupos consonánticos especiais. Variantes gráficas. Acheга ás relacións sintácticas.</p> <p>B.4. Sociolingüística. A normalización lingüística. A variación lingüística.</p> <p>B. 5 Literatura. Poesía e outras artes. Comedia, traxedia, drama.</p>

LECTURAS OBRIGATORIAS: en cada un dos trimestres deberase escoller unicamente unha das dúas obras propostas.

1º trimestre:

- *22 segundos* de Eva Mejuto ou
- *O misterio de Portomarín* de Antía Yáñez

2º trimestre:

- *O torque de Burela* de Antía Yáñez ou
- *Atraco nun banco* de Manuel Núñez Singala

3º trimestre:

- *Makinaria* de Carlos Negro ou
- *Penúltimas tendencias* de Carlos Negro.

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN
Probas escritas e/ou orais dos contidos do curso (1º ex. 30% +2ª ex. 40%)=	70%
Actividades clase/casa	10%
Proba do libro de lectura (en cada avaliación, o alumnado terá que ler un libro dos que lles sexan ofertados).	10%
Oralidade	10%
TOTAL DE AVALIACIÓN	100%
NOTA MEDIA XUÑO	
Media ponderada: $NOTA\ 1^a\ AV + 2(NOTA\ 2^a\ AV) + 3(NOTA\ 3^a\ AV) / 6 = NOTA\ MEDIA$	

XUÑO

OBSERVACIÓNS: Para aprobar a avaliación é necesario obter un 5, menos diso sería suspenso. A partir do 5 a nota redondearase pasando á seguinte, sempre que se supere a anterior en 0,7 décimas. Por exemplo 5,7 = 6.
Non se avalían traballos presentados fóra de prazo.

En canto á corrección na expresión escrita, poderá descontarse ata 1 punto na cualificación por erros lingüísticos a razón de -0,1 puntos por erro: incorreccións léxicas, morfolóxicas e sintácticas, erros ortográficos e na puntuación e acentuación, na coherencia e na cohesión. Valorarase tamén a presentación adecuada dos escritos e das probas. O alumnado que cometa fraude durante a realización dunha proba (copiar nun exame, plaxio nunha tarefa...) será cualificado cun 0 nela.

Se un alumno non se presenta a un exame por estar enfermo é obrigatoria a presentación dun xustificante médico ou dun organismo oficial. Faráselle o exame na data que se indique unha vez se reincorpore.

AVALIACIÓN FINAL: O alumnado que non teña unha nota media de 5 ou superior na avaliación ordinaria deberá presentarse á proba final. Nesta proba entrará toda a materia do curso.

PENDENTES: Realizarase un exame trimestral. A nota deste exame, na 1ª e 2ª avaliacións, será o 100% da cualificación. Entregaranse cadernos de traballo que lle serán entregados ao inicio de cada trimestre para preparar os exames. Se a materia non fose recuperada nestas dúas avaliacións, haberá unha proba na 3ª avaliación, con carácter de avaliación final, onde entrará toda a materia cun valor do 100% da nota final. Non terán que realizar nin proba oral nin libros de lectura.

METODOLOXÍA PARA A ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

As clases en liña serán a través da plataforma Cisco Webex e da aula virtual do centro Manterase o horario lectivo e dedicarase un 60% do tempo de cada sesión a dar a aula por videoconferencia. O tempo restante dedicarase ao traballo individual do alumnado.